



CENTRO GALLEGO
de Vizcaya en
BARACALDO



Fiestas de Santiago Apóstol 1978



SALUDO

Como en años anteriores, este Centro prepara sus fiestas para honrar a nuestro SANTO PATRON, que a la vez lo es de todos los españoles, pero nosotros lo tenemos más agarradiño, por eso lo celebramos con un fervor más entrañable, porque aún que nos sentimos muy unidos fraternalmente con nuestros hermanos Vascos y de otras provincias que aquí convivimos, siempre queda esa morriña de nuestra querida GALICIA que nos vio nacer y nos ha hecho adultos, para ahora compartir nuestra dicha y nuestras fatigas en estas Campiñas de Vizcaya, que también son verdes y donde ya muchos tenemos buenas raíces que nos unen a ella.

Por eso en esta ocasión, como en otras, es deseo de todos nosotros enviaros un fuerte abrazo a todos los socios, así como un cordial saludo a todas las autoridades, locales y provinciales, Centros Regionales de Baracaldo, Provincia de Vizcaya, como también a todas las Casas Regionales de España y Extranjero; sin olvidarnos de todos aquellos amigos particulares que reciben este Programa.

Como este sólo es un programa de fiestas, no recogemos en él más que lo cultural y deportivo, pues lo demás lo hacemos en las Memorias de la Junta General Ordinaria, pero aquí estamos abiertos a todos los socios y colaboradores, para que todos juntos unamos esfuerzos en el bien de esta Sociedad.

A todos os deseamos felicidades y que paséis unas fiestas de lo más agradable.

El Presidente,
Jesús Bermúdez Vázquez

1.^{er} CONCURSO de Pintura Libre

PARA CHICOS Y CHICAS

Este Concurso ha sido organizado por esta Sociedad y patrocinado por la Caja de Ahorros Vizcaína.

Ha sido dividido en cuatro Grupos, comprendidos en las edades siguientes:

- 1.^{er} Grupo: de 6 a 8 años
- 2.^o Grupo: de 8 a 10 años
- 3.^{er} Grupo: de 10 a 12 años
- 4.^o Grupo: de 12 a 14 años

Los trabajos han sido realizados en nuestro Local Social y controlados por el Presidente y Secretario de la Sociedad.

Una vez finalizado el Concurso, han sido examinados por un Equipo de Profesores de la Parroquia de la Esperanza de Baracaldo y en el fallo dado por el mismo, quedan clasificados como sigue:

1.^{er} Grupo: De 6 a 8 años

1.^{er} Clasificado con la Obra los CANARIOS, María Jesús Mouriño, de 7 años.

2.^o Clasificado con la Obra EL PUEBLO Y EL MAR, Alberto Seoane, de 7 años.

2.^o Grupo: De 8 a 10 años

1.^{er} Clasificado con la Obra las MONTAÑAS, Javier Bravo, de 10 años.

2.^o Clasificado con la Obra PAISAJE, de CAMPO, Julián Sáez, de 9 años.

3.^{er} Grupo: De 10 a 12 años

1.^{er} Clasificado con la Obra GEOMETRIA, Carlos Setién, de 11 años.

2.^o Clasificado con la Obra PAISAJE CAMPES- TRE, Miguel Angel Santamaría, de 11 años.

4.^o Grupo: De 12 a 14 años

1.^{er} Clasificado con la Obra el BODEGON, Amaya Santamaría, de 13 años.

2.^o Clasificado con la Obra COMPLEGIDAD POLIGONAL, Federico Setién, de 14 años.

NOTA: Los que no han conseguido clasificarse, tendrán premio de consolación.

FAROLES COMPOSTELANOS

Mi primera peluquería, en Santiago, estaba en la plaza de Cervantes. No me dejé llevar del buen historial que el gran don Miguel nos legó, al referirse al barbero, ni del orgullo de poseer mi abuela materna el apellido Saavedra, sino que una noche, de regreso a mi casa, vi allí, al alcance, una peluquería animada. Un farol, muy cerca, le daba un aire prestigioso. Era un mojón lumínico más, de tantos que salpicaban la ruta que llevaba. Ya crecido mi pelo, decidí entrar. Y de noche, cuando los reflejos eran todos para la cantería, y para mis imborrables recuerdos. Tres batas blancas diéronme la sensación de una estampa anatómica, pues era con la que convivía, al iniciar todas las mañanas. Dos estaban vacantes. No sabía por qué sillón quedarme, equidistante; pero uno de ellos me hizo un gesto. Habiéndome quitado la gabardina, me acomodé. De pronto, se enfurecieron en una conversación deportiva, tema en el que estaba muy flojo. No pude colaborar. Como después pasó a ser mi peluquería, el fue mi peluquero. Comencé así una de mis primeras amistades compostelanas.

—Sí, hombre, Ramón —me dijo un día. Si le corté yo el pelo de niño. Aún vino anteayer a cortarse el pelo.

Aquellas frases me conmovieron, porque Ramón era un catedrático mío, joven, que nos tenía abobados con sus esquemas, cuyas palabras estaban a diario en mis libretas y en las de muchos que, en Compostela, fijaron las palabras. Acabábamos de comenzar, estábamos perdidos por sus bosques de saberes.

En una ocasión, ocupaba don Ramón mi butacón, quien mal me podía conocer entre los cientos de alumnos que instruía. Había un silencio grande. Mi vista se clavó en un letrero: "Prohibido hablar de **foot-ball**".

Pero mi presencia fue un estímulo para mi peluquero, quien empezó a tutear a Don Ramón y a recordarle aventuras de cuando era niño.

Don Ramón estaba muy complacido, ajeno por completo a la adoración que tributaba yo a aquella escena. Tenerlo allí, a dos pasos, el inaccesible, el que nos bombardeaba, nos inundaba sin respiro, con las lecciones más al día, con un verbo precioso, incrustado en polifacéticas teorías, cuyas fórmulas, por no tener cabida en el encerado, las escribía en su marco, era el sueño de aquel día. Y un peluquero jugando con su cabeza prodigiosa, incluso poniéndose en poses para darle artística forma, mientras los relustres de las tijeras se repetían en los espejos, era un pasaje conmovedor para un novato.

El desenfadado peluquero, que mimaba sus modales, no conforme con todo su alarde, quiso pisar en su cátedra.

—¿Qué tal las clases? En mi barrio hay varios que estudian contigo. Me dice uno el otro día: "Don Ramón nos explicó hoy las diálisis. ¡Ese sí que sabe!".

El peine surcaba aquella envidiable cabeza, aquel cofre de ciencia, aquel valioso matraz. Mis ideas se iban hacia el maestro Mateo. Pensaba si a través de las manos de este peluquero, no podría lograrse un leve contagio. Y un anhelo más avanzado: si no podría echarme una mano.

Cuando ocupé mi puesto, después de oír aquel "el siguiente", casi voz de examen, rumor temblante, me creí un alumno privilegiado de Compostela. Y acto seguido:

—¿Qué, no se fijó? ¡Si lo conozco de niño!

Luis ROMAY G. ARIAS

COUSAS DA VIDA - 1927

o Señor Andrés

O señor Andrés, desde que foi "cabo de banderas" no servizo do rei, sinte un amor desasistado por tódolos panos de coores que flamean ó vento na punta dun pau. Eu xúrovos que a idea da patria non xoga no seu amor ás bandeiras, pois eu vin moitas veces asolagados en bágoas os ollos do señor Andrés cando arriaban a insinia de barcos estranxeiros; ingleses, alemáns, rusos... Nos días de festa o señor Andrés quédase aparvado no peirán, a tremer de arrufío diante dos barcos engalanados. Unha bandeira de calisquera nación ou de calisquera matrícula é a suprema ledicia do señor Andrés e moitas bandeiriñas de coores enfiadas nunha corda son a mellor regalía dos seosollos vellos.

O señor Andrés tolea polos panos fermosos e na súa casa hai colchas antergas que sean a fiestra nos días de procesión. Son as insinias da casa, que relo-cen ó sol para facheinda do dono. Unha vez un can esgazóille unha colcha e o señor Andrés choróu bágoas como peras urracas.

O señor Andrés, como xa é velliño e foi ó servizo do rei, conta mentiras que fan rir ós mozos. Son mentiras en que sempre aparecen bandeiras, panos, lenzos...

Unha vez o rei embarcóu no noso barco para facer un viaxe e díxome o capitán, que me quería moito: "Andrés, tes que ir de seguida a terra a mercar cachos de seda, raso... do mellor que topes nas tendas". E merquéi unha fartura de retales que valían máis de mil réas.

—¿E para qué eran, señor Andrés? —perguntéille eu.

E o señor Andrés midéume cos ollos e díxome con desprezo:

—¡Parece mentira que sexas home de letras!
¿E logo tí pensas que o rei limpa o "aque!" con un papel?

X. ALONSO MONTERO

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

El Centro Gallego, tiene un equipo de Fútbol, federado la temporada 1977-78 en Segunda Regional Vizcaína.

Con el nombre Centro Gallego Club de Fútbol, finalizando la temporada con 38 puntos y 4 positivos; el segundo menos goleado del Grupo, figurando en el 7.º puesto en clasificación, participó en los Juegos de Euzkadi llegando a los 4.º de final, a continuación se encuentra jugando la 6.ª Copa Diario Hierro, en las semifinales.

Cuenta en la actualidad con cerca de 400 socios, la mayoría de ellos también son socios de la Sociedad Centro Gallego.

Es el equipo de su categoría que más seguidores lleva por todos los Campos Vizcaínos, los proyectos para la próxima temporada es el ascenso y llegar a los mil socios, esperamos que todos los socios del Centro se hagan del equipo.

ACTIVIDADES FOLKLORICAS 1977

16-7-77. Excursión a ZARAGOZA y actuación del GRUPO FOLKLORICO en el patio de la Iglesia Catedral de Santiago de Zaragoza, a las 12 horas.

24-7-77. ALARDE FOLKLORICO NACIONAL DE FESTIVALES DE ESPAÑA, en el Auditorium de la Plaza de España de BARACALDO, donde participó el GRUPO de esta Sociedad.

24-9-77. Actuación del GRUPO en MASUSTEGUI, Bilbao.

6-1-78. Participación del GRUPO en el Desfile de la CABALGATA DE REYES, organizada por el Il.º Ayuntamiento de BARACALDO.

29-2-78. Actuación del GRUPO en las dependencias de los P. Paúles de BARACALDO.

14-5-78. Inauguración de los PRIMEROS JUEGOS DE EUZKADI, en San Mamés, donde participó el GRUPO.


20-6-78. Gran Alarde Folklórico en la clausura de las LETRAS GALLEGAS en esta Sociedad, donde actuó el GRUPO y la RONDALLA AGARIMOS de los Hijos de Galicia de Sestao.

16-7-78. Invitados por el GRUPO SAUDADE de TRINCHERPE, San Sebastián, donde actuó el GRUPO de esta Sociedad.

Junta Directiva

Presidente honorario	D. Manuel Fernández Rodríguez
Presidente	D. Jesús Bermúdez Vázquez
Vicepresidente	D. Arturo Rodríguez Rodríguez
Secretario	D. Domingo Costas Vigo
Vicesecretario 1.º	D. Emilio Armesto Díaz
Vicesecretario 2.º	D. Serafín Liñares Cuns
Tesorero	D. Manuel Bóo Martínez
Contador	D. José Espiñeira Yáñez
Vicecontador	D. Manuel Souto Ponte
Vocales	D. Pedro Rosende Pérez
"	D. José Luis Senande Vázquez
"	D. José Mouriño Cardama
"	D. Ramón Fernández Souto
"	D. Manuel Seoane Gómez
"	D. Aniceto Lodeiro Roca
"	D. José Ramón Vilela Rey
"	D. Manuel Pardiñas García
"	D. José Somoza Martínez
"	D. José Currás Varela
Bibliotecario y Delegado de Cultura	D. Ovidio Ocampo Rodríguez
Relaciones Públicas	D. Manuel Fernández Rodríguez
Presidente equipo de Fútbol	D. Manuel Vallo Bermúdez
Delegado de Folklore	D. Tarsicio Vázquez Pardo
Capellán de la Sociedad	Rvdo. D. José Martínez
Revisor de Cuentas	D. Pedro San Martín
"	D. Marcelino Vilariño Gundín
Cobrador de la Sociedad	D. José Luis Seoane Gómez

Programa de festejos



DIA 23, DOMINGO

Darán comienzo los festejos con la actuación de la Banda Municipal del Iltre. Ayuntamiento de Baracaldo, dando un Concierto a las doce del mediodía en el Grupo Santiago Apóstol, con estampas Vascas y Gallegas.

DIA 24, LUNES

A las 4 de la tarde, comenzarán los Juegos Infantiles, así como el Concurso de "SOKA-TIRA".

A las 8 de la tarde, presentación de la Orquesta Internacional "X" de La Coruña, con su más moderno repertorio musical.

A las 10 de la noche, fin del primer programa para comenzar a las 11 de la noche la VERBENA que durará hasta altas horas de la madrugada.

DIA 25, MARTES

FESTIVIDAD DE SANTIAGO APOSTOL

A las 8 de la mañana, pasacalles por la Agrupación de Gaiteros de la Sociedad con el Grupo de Baile.

A las 10,30 de la mañana, misa en los locales de la Sociedad, que la celebrará D. José Martínez, Capellán de la misma.

A las 11 de la mañana, Concurso de JOTAS y MUIÑEIRAS.

A las 12 del mediodía, vino español para todos los socios e invitados. A la misma hora, Concierto en el Auditorium de la Plaza de España por la Orquesta "X" de La Coruña que durará hasta la una.

A la 1,45 de la tarde, Concierto por la gran Orquesta "X" de La Coruña en sesión Vermout, en el Grupo Santiago Apóstol.

A las 8 de la tarde, comenzará el baile hasta las 10 de la noche, para comenzar a las 11 la VERBENA, que durará hasta la madrugada, para así dar por finalizadas las fiestas.

Se hace constar que la entrega de premios, tanto para los deportistas como para los de pintura y otras actividades, se hará después del concurso de Jotas y Muñeiras.

NOTA.—La Directiva se reserva el derecho de modificación en el orden del Programa, si lo cree oportuno.

XI CONCURSO «BREOGAN» de Contos en Lingua Galega

Siguiendo la trayectoria de años anteriores, el Centro Gallego convocó el XI Concurso Breogán de Cuentos en Lengua Gallega, de acuerdo con las Bases que previamente fueron publicadas y puestas a disposición de los interesados.

El fallo del citado Concurso tuvo lugar en el Centro Gallego el pasado día 7 de julio y fue compuesto por las siguientes personalidades:

- Doña María Fernanda Iglesias Lesteiro.
Directora de la Biblioteca de la Universidad Autónoma de Bilbao.
 - D. José María Rivera Pomar.
Catedrático de la Universidad de Bilbao.
 - D. José Pascual Pequeño.
Profesor del Colegio San Vicente Paúl, de Baracaldo.
 - D. Manuel Tello.
Profesor Agregado de la Universidad de Bilbao.
 - D. José Luis García Chaos.
Secretario del Juzgado de Sestao.
- Actuó como Secretario:
- D. Domingo Costa Vigo.
Secretario de la Sociedad (Centro Gallego).

PREMIOS OTORGADOS:

Primer premio, de 30.000 pesetas, otorgado por el Banco de Bilbao, en Baracaldo, a la obra "UN POBO, UNHA TERRA, UNHA FALA".

Autor: Moisés Fernández Formoso.

Segundo premio, de 15.000 pesetas, otorgado por el Centro Gallego, de Vizcaya, en Baracaldo, con la Obra "BAIXA VOLUNTARIA"

Autor: Manuel Rodríguez López.

AGRADECIMIENTO

Nuestro agradecimiento, en nombre del Centro Gallego, al Banco de Bilbao, en Baracaldo, por su aportación económica de 30.000 pesetas destinadas al Primer Premio del mencionado Concurso.

Un pobo, unha terra, unha fala

ESQUEMA DE UNHA PANTASIA

(Conto orixinal e inédito)

*A miña Galicia,
un pobo, unha terra, unha fala,
poisque falar galego é ser galego.*

I

Ao belo cruceiro, vella encrucillada, crucifixo constante da vida galega, chegaron por catro camiños distintos catro persoaxes: o Galego, a Distancia, a Lín-goa e o Silencio.

Chegou o Galego tocado con negra monteira e roxo refaixo, lucindo camisa tan branca coma a cor da alma, dunha alma sulcada pola franxa dun azul do ceo, levando con el baixo do refaixo unha Tradición.

A pequena figura de pedra de costas á cruz no outo do cruceiro, saudou a súa chegada con esta sinxela cantiga:

*Pobo mariñeiro,
pobo do labrego,
pobo milagreiro
o pobo galego.*

Ao tempo, resoaban moi doces no ambientes soídos de gaitas e o canto dun coro invisíbel que piano, piano, piano, embruxaba o chan.

II

A Distancia chegou sen saber de ónde, cun traxe de brêtema, levando por riba, flotando no ar, un pano pequeno, pano dos adeuses coa cor da dor. Chegou cavilando na terra, levando a tristura na cara, deixando escapar un suspiro, salaio que invoca queixumes de ausencias lonxanas.

Porén, a minifigura de pedra do belo cruceiro, testigo incorrupto de mil testemuñas, con extrano acento de malenconía, triste lle cantou:

*Terra de Saudade,
Terra da Morriña,
Terra da Soedade
esta Terra miña.*

E a terra agradecida pola ofrenda, ofrécelle polo baixo, prá próxima alborada, unhas xoias de orballo e un camiño de estrelas.

III

A Língua, vestida de lírica, con mor-nas cadencias, serea, percorrendo un longo camiño, vida de moi lonxe, dalá, onde o tempo se perde, chegou ao cruceiro —un corpo de pedra con alma galega—, deixando esbarar a vista pola lonxanía, indo a se perder ao fondo que fuxe alá no horizonte do mar.

Chegada que foi, a voce de pedra, nidia lle cantou:

*Fala... doce fala...
fala que a alma chega,
fala aínda se cala
a fala galega.*

E coma nun eco de longas cadencias, a voce moi queda foi a se apagar, como nunha espera.

IV

Marmuriando segredos ás copas dos pinos, cun traxe da nada, sen prisas nin tempo, soio e silandeiro, paseniñamente, chegou o Silencio, vido do Vació e da Soedade, dous templos perdidos na terra do Olvido. Misteriosamente, sentouse ao pé do cruceiro —nobleza na entranca e arte no rosto—, e a cruz encolléuse e medróu o lugar.

Entón, a pequena figura de pedra, baixou a ollada ao chan e vendo o profundo deuse en cavilar...:

*Ise é o lingoaxe que cala
un pobo, unha terra, unha fala.*

A pedra en figura —máscara do tempo—, labrada por antergos ventos co cincel das augas, buril dunha estampa, díxolles con voce saída do profundo:

—Son corpo de pedra con alma, con alma galega, que leva na entranca tódolos segredos das vosas esenciais. Porén simbolizo as vosas tradicións. E xa que o Destino quixo nos xuntar, vou vos clarear os símbolos vosos. O emprego poético que demos á fala non esvairá o fondo social. Non se trata pois dunha falsía lírica nin ver a paisaxe romántica do sentimental. Faremos o esquema do máis esencial co fin de trazar unhas liñas-rutas, unhas liñas-mestras. Imsos velas xa.

Do Galego

—Saudéi a túa chegada, Galego, coa sinxela cantiga pra un Pobo porque tí representas ao Pobo, privilexio de támara carga que leva consigo o meirande símbolo da Nacionalización. Ante o outo rango desta dignidade, has trazar en esencia a túa liña-mestra —invitou a figura.

Coa ollada no lonxe, a cabalo da serenidade, bandeirando xusticia, rexo, grave, limpo, o Galego esquematizou:

*Din toxo e rosa
que nesta Natureza
"ja Terra e Nosa!"*

Pingaron redimas no chan dando ao ceibe aroma de terra mollada.

Da Distancia

Con acento doído, díxolle a figura á Distancia:

—Recibinte cun canto á Terra porque tí representas á Terra e o teu símbolo é claro: a Emigración. E xa que a dor ha ser a túa compañeira inseparábel, levarás a fala galega por tódolos sitios de tódolos mundos pra así establecer, por medio dun fio invisíbel, a unión de dous puntos: a Terra do Amor e o Lonxe da Dor. Fai o teu esquema.

E a Distancia, coa alma ferida entonóu

*Eu sei que se esmorezo,
co meu enterro
e unhas froles silvestres
vaise o desterro.
Morrer quixera
pra que o drama conmigo
se esmorecera.*

Dúas bágoas caironlle meixelas embaixo con certo esemello a pelras de tristura, ao tempo que en varios lugares lonxanos os Centros Galegos sentiron as mágoas chover.

Da Língua

Dirixiu a sua voce a figura cara a bela Língua:

—Recibinte co canto pra fala porque tí representas á fala e o teu símbolo é a Concenciación. Serás pilar-base de fala-galega e has marcar camiño con filosofía de esquema exemplar.

A Língua, querendo empregar voce de Minerva —métrica con ritmo, verso con cadencia—, sinxela trazóu:

*Ha ser nosa fala a chave de ouro
Que abrirá as portas da fé no futuro
Dun pobo esmagoado que busca o tesouro
Das súas Libertades como pobo puro.*

Abriron as súas concencias as espigas de ouro, soltando uns presaxios de trigo, sinal dun agoiro, eo tempo que a brisa suave unha vez tras outra, paseniñamente, decíanlle que sí.

Do Silencio

Outravolta a pedra falou:

—Escuro Silencio, tí nesta xuntanza es un fiel testigo, mudo, de excepción. Nem-bargantes, aquí nesta Terra, cando todos calen, has ser o máis expresivo. E o símbolo que che corresponde é o da Opre-sión.

Quedóu a natureza muda por un intre pechando os seus ollos ás sombras que anuncian terror.

A voce de pedra acabou:

—Vista a exposición e ollando no futuro, veño en anunciarvos —profecía da Historia—, unha boa nova: a boda.

Nefeuto, ao correr do tempo, casóu o Galego coa Língua. Comunió perfecta. Foron de padriños Silencio e Distancia. Nos brindis, toda a Natureza, ceibe, leda, aberta, cantaba o esplendor. Cadaquén ofrecéu as súas regalías.

Os paxaros cos seus rechouchíos brindaban: Nós hoxe neste grande día, queremos vos dar a nosa sinfonía.

Os regatos decían cantareiros: Queremos vos dar os frescores, mollada ledicia, cantando rumores.

As froles con ledos rexoubos falaban: Queremos vos dar asnosas cores e os arrecendos dos novos amores.

As arbres largaban ao vento: Queremos vos dar a nosa vida, os froitos, as follas, a sombra comprida.

As estrelas ao palpebrexar ofrecían vías de mencers: Queremos vos dar os nosos niños, pinguiñas de luz e abrentes camiños.

As herbas decían silandeiras: Quere-mos vos dar a nosa esperanza dunha terra libre na terra do mar.

E todos... paxaros, regatos, estrelas, as arbres, as froles e as herbas, bebían o ar.

E contan que o día da boda, aquela figura de pedra do belo cruceiro, en sinal de gracias, erguéu os seus brazos ao ceo por riba da cruz.

Epilogo

Deste matrimonio nacéu unha nena belísima, unha Cincenta que aínda vive hoxe e leva por nome ¡GALICIA!

Tivo un irmán, probe, laborioso, honrado, sofrido. Era o Portugal, o sempre explotado. E tivo tamén un curmán, ledó, xeneroso, da ricaz facenda. Tiña decote o sorriso na súa cara xoven. Era o Brasil. E outros parentes lonxanos, serios, rexos, nobres. Eran a Irlanda, a Bretaña...



BAIXA VOLUNTARIA

Por MANOEL ORESTES

O Agostiño sabía ben a cras de home que il era. Sabía que o Moncho, seu curmáu, tiña bos sentimentos. Que, se ben era certo que furtara na tenda do Moisés, fora pra susistir; porque na Gran Cidá, apesares dos miles de fábricas e talleres, non atopara un posto de traballo fixo.

O Moncho era pequeno il, esmirriado e con folgos miúdos. Cando un contratista lle daba "horas" aproveitábaas e cumpría coa ilusión de conquistar un emprego seguro. O endebre manobra suaba a pelo e doíanlle os rils; mais non folgaba un intre. Tiña as maus encallecidas, queimadas polo cemento e o xiso. Tornáranselle grosas e enquilosadas. Enzoufado na area e os materiais de construción, xantaba, cos compañeiros, unha barra de pan con touciño ou a eterna tortilla de dous ovos. Pola noite caía estambullado no leito, magoado e dorido nas carnes zugasadas e os osos descalcificados. O Moncho traballaba por tempadas e, contra a súa conciencia, por veces víase obrigado ao furto pra poder xantar...

O Agostiño facía tres anos que abandonara o pobo e, tamén il pasara por moitas mágoas denantes de entrar de piñ nunha fábrica onde, tras un cursiño de promoción, chegara a operario soldador. Estaba ben mirado e podía atender as necesidás da familia, botando doce horas diarias por mor de grandes pedidos con destiño á esportación.

O Director de fabricación determinou ampliar a plantilla e así foi como o Agostiño conquistou emprego pró seu curmáu. E o Moncho, enxergando as portas do porvir francas, setiuse feliz por primeira vegada.

De pe, acarón do torno, cumpría coa súa tarefa, satisfeito, sen outra aquela que facer as pezas necesarias pra gañar a prima. Aos poucos días xa superaba a produción esixida pola Sección de Tempos.

Rolaron duas, tres, catro semanas. O Agostiño estaba orgulloso do seu parente. Era cumpridor. Il xa o sabía. Non o ía facer quedar mal. Soio quedaba unha dúbida. A Empresa habíase informar. Es-

borrallárase todo? Abondaría con que o Agostiño recomendara ao rapaz?

—Istas noites non durmo. Pódelo crér. Non fago mais que cavilar na posibilidade dunhos informes desfavorables.

—Coido que, vindo da miña parte, non pescudarán ren.

O "Bus" das 5,25 non daba chegado. Eran as 5,40 e...

—Taxi! Taxi!

Os semáforos coutaban o camiño. Era imposible chegar a tempo. Fichou un minuto tarde e decatouse que o Xefe de Taller ollábao de maneira desaforada. O Moncho non comprendía que o xefe lle puxera tan mala cara por un minuto...

—Madrugaréi máis. O "Bus" das 5,10 será máis seguro!

Estaba preparando o torno cando ouviu que lle berraban ás costas, tuteándoo por primeira vegada:

—Vai á oficiña, Moncho!

O Xefe de Personal tiña cartos riba da mesa e un recibo nas maus:

—Firma a Baixa Voluntaria!

—E logo, non están contentos de min?

—Inda o preguntas?

—Non cumplo? E baixo o meu rendimento? Teñen queixa de min? Cheguéi un minuto tarde; pero non foi miña a cul-

pa. Vostede viume baixar dun "Taxi". Estiven agardando o "Bus" das...

—Eiquí non ademitimos ladrós ¡Firma!

—Eu non son ladrón!

—Os informes non minten!

—Algunha vez apropiéime do xantar indispensable pra susistir!

Non reoubéi!

—O teu Contrato finóuse!

Acedamente as bágoas, en arroiada, anegaron as meixelas do Moncho. O corazón batíalle forte. Unha néboa mesta facíalle ver todo arredor cal se de súpeto caera nunha esmagante miopía.

—Vostede e a Sociadá espétanme na lama e na fame! Quero traballar e seguir no meu posto! Teño un Contrato!

—Firma a Baixa Voluntaria, ondenón, chamaréi á Autoridá!

E sábado. Pola serán o Xefe de Personal vai á eirexa e confesa. Amóstralle ao crego o recibo firmado por saldo e finiquito Voluntario:

—Apesares de tratarse dun ladrón, fíxenlle unha liquidación folgada...

O confesor, admirado de tan bos sentimentos, dálle a ausolución e o home participa relixiosamente na Eucaristía. Vá-llele pró domingo, que se desplazará coa familia lonxe da Gran Cidá pra descansar dun fin de semana "ben gañado".

Biblioteca de Galicia



CBG000097844


FOL. GA- 8180

Porque lo nuestro es Vizcaya

Confía en nosotros



CAJA DE AHORROS MUNICIPAL DE BILBAO



FOLL-GA
8180